

DE RUTAS E DERROTAS

Ó longo da historia da literatura, moitas obras fixeron da viaxe o seu motivo principal, fonte de conflitos e camiño de coñecemento para un heroe que, tras sortear todo tipo de probas, acaba transcendéndose nunha existencia máis sabia e lúcida. Por iso, atopar no máis recente poemario de Cesáreo Sánchez Iglesias ó camiño como forza capaz de mover ó eu poético nunha procura inconcreta -tanto por non saber a ciencia certa o que busca como por descoñecer cal será a súa fin-, provócanos a sensación de reencontrarnos cun *leitmotiv* xa tópico, mais revestido agora polo autor con novas galas. Así, *O rumor do distante* sae do prelo gravado co carimbo do XX Premio Esquío e tamén coa presenza dunha voz mesurada: a de quen busca a ánima das cousas percorrendo, en corenta etapas desde Silvela ata Hermedesuso, un camiño iniciático, persoal e íntimo que remata na Fisterra, límite entre o mundo coñecido e o ignoto de alén mar.

Non é esta unha ruta tomada ó azar. Pola contra, devén en necesidade interior do ser que a asume serenamente procurando a comunión total co entorno e a terra, coa paisaxe humana e física que pisa. Mais, antes de adentrarse na viaxe, na busca “*do que se ve e non se ve*”, adopta a identidade de Lancelot, o indesmaiáble cabaleiro do rei Artur sempre á procura do Santo Grial. Sen embargo, este personaxe vai ser agora algo máis que unha impostura literaria e acaba convertido no *alter ego* do propio autor por canto comparten a mesma data de nacemento (“*Desde este día vixesimo sétimo de Xaneiro terei que ensaiar eternamente o seguir nascendo*”). Esa é a hora propicia para iniciar un periplo non tanto físico -un acto de deslocalamento- como espiritual e así “*Entro ao Camiño que ninguén pode andar. Entro ao mundo da infinita inconstancia*”. A ruta alóngase durante un ano, un ciclo enteiro de transformación, e nela experimentáanse todos os sentimentos posibles perante os cambios continuos na natureza e no propio ser. Este avanza contra a morte preparándose para a fin representada pola Fisterra, o punto onde non é posible ir máis aló. Alí o ser fica estático diante da inmensidade do océano, despoxado das súas forzas e imbuído da luz que proporciona a sabedoría: “*Esta xornada do camiño leva no seu interior o meu pasado: Soñando a sombra creo luz e vida e morte./ Como un rei soñador o Por Vir é comezo dun día de chuva. (...) Un soño ao que sempre volvo: Non chegar*”.

Os pasos do camiñante nas vereas teñen o seu eco na propia estrutura do poemario que devén cadenciosa e igual en todas as súas etapas. Deste xeito, os poemas máis longos ó comezo de cada unha delas, xunto cos textos máis breves, a seguir, encabezados por un topónimo, propician unha situación anímica no lector que se asemella á experimentada polo eu poético. Os textos son así parte dun diario de

ruta onde teñen cabida as impresións máis íntimas, a mirada sobre a paisaxe, a presenza da arte, o silencio... O verso longo, case prosa, axuda a remarcar a serenidade interior do peregrín que habita un tempo lene e semi-irreal onde tamén se perden as referencias espaciais desdebuxadas pola neve. O silencio actúa entón a modo de mantra, como contrasinal que outorga voz ó máis escondido, por iso “Se os *labios calas,/ o teu interior emerxe ao mundo*”. E así se recoñece o eu poético, como un máis no camiño da vida e no tránsito da morte.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 54, novembro 2001, p. 71

